

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000481	IES Ramón Cabanillas	Cambados	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua estranxeira - Francés	2º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	31
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	34

## 1. Introducción

A rápida evolución das sociedades actuais e as súas múltiples interconexións exigen o desenvolvemento daquelas competencias que axuden os individuos a practicar unha cidadanía independente, activa e comprometida coa realidade contemporánea, cada vez máis global, intercultural e plurilingüe. Tal e como sinala o Marco de referencia para a cultura democrática, nas actuais sociedades, culturalmente diversas, os procesos democráticos requiren do diálogo intercultural. Polo tanto, a comunicación en distintas linguas resulta clave no desenvolvemento desa cultura democrática. Na idea dun Espazo Europeo de Educación, a comunicación en máis dunha lingua evita que a educación e a formación se vexan obstaculizadas polas fronteiras e favorece a internacionalización e a mobilidade, ademais de permitir o descubrimento doutras culturas ampliando as perspectivas do alumnado. A materia de Lingua Estranxeira contribúe á adquisición das distintas competencias clave que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo da ensinanza básica e, de forma directa, participa na consecución da competencia plurilingüe, que implica o uso de distintas linguas de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. O plurilingüismo integra non só a dimensión comunicativa, senón tamén os aspectos históricos e interculturais que conducen o alumnado a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural e contribúen a que poida exercer unha cidadanía independente, activa e comprometida cunha sociedade democrática. En consonancia con este enfoque, a materia de Lingua Estranxeira na etapa de educación secundaria obrigatoria ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada na lingua estranxeira, de modo que lle permita ao alumnado comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia, así como o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural.

No eixe do currículo de Lingua Estranxeira concorren as dúas dimensións do plurilingüismo: a dimensión comunicativa e a intercultural.

Os obxectivos da materia, relacionados cos descritores das distintas competencias clave do perfil de saída e cos retos do século XXI, permítenlle ao alumnado comunicarse eficazmente e de forma apropiada na lingua estranxeira e ampliar o seu repertorio lingüístico individual, aproveitando as experiencias propias para mellorar a comunicación tanto nas linguas familiares como nas linguas estranxeiras nun proceso de enriquecemento mutuo. Así mesmo, ocupan un lugar importante a valoración e o respecto polos perfís lingüísticos individuais, a aceptación e a adecuación á diversidade cultural, así como o respecto e a curiosidade por outras linguas e polo diálogo intercultural como medio para fomentar a sustentabilidade e a democracia. No caso de Galicia, o desenvolvemento da competencia plurilingüe vese favorecido pola coexistencia das dúas linguas, castelá e galega, e das respectivas culturas, o que lle permite ao alumnado aprender e usar distintas linguas ao mesmo tempo, practicar o respecto polas diferenzas entre elas e atopar as similitudes, supoñendo esta experiencia un enriquecemento para a persoa.

Esta materia, ademais, permíttelle ao alumnado desenvolverse mellor nas contornas dixitais e acceder ás culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira, tanto como motor de formación e aprendizaxe como fonte de información e gozo. Neste sentido, as ferramentas dixitais posúen un potencial que podería aproveitarse plenamente para reforzar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación das linguas e culturas estranxeiras. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento de aprendizaxe moi relevante nesta materia. Os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira na educación secundaria obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos adquiridos durante a educación primaria, que serán o punto de partida para esta nova etapa, e desenvolveranse a partir dos repertorios e experiencias do alumnado. Isto implica unha ampliación e un afondamento nas actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, entendida nesta etapa como a actividade orientada a explicar conceptos e simplificar mensaxes co fin de facilitar a comprensión mutua e de transmitir información. A progresión ademais supón outorgarlle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento das linguas e ás relacións entre as distintas linguas dos repertorios individuais do alumnado.

Os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira tamén inclúen a valoración e a adecuación á diversidade lingüística, artística e cultural entre o alumnado, co fin de que aprenda a actuar de forma empática e respectuosa en situacións comunicativas interculturais. Os criterios de avaliación da materia determinan o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, polo que se presentan vinculados a eles. Na súa formulación competencial, expónse enunciando o proceso ou capacidade que o alumnado debe adquirir, xunto co contexto ou modo de aplicación e o uso do devandito proceso ou capacidade. A nivelación dos criterios de avaliación está baseada no Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER), aínda que adecuados á madurez e desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado da etapa de educación secundaria. Estrutúranse en tres bloques: Comunicación, Plurilingüismo e Interculturalidade.

Pola súa banda, os contidos unen os coñecementos (saber), as destrezas (saber facer) e as actitudes (saber ser) necesarios para a adquisición dos obxectivos da materia e favorecen a avaliación das aprendizaxes a través dos criterios. Estrutúranse en tres bloques de criterios de avaliación e contidos relacionados.

O bloque de «Comunicación» abarca os saberes que é necesario mobilizar para o desenvolvemento das actividades comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, incluídos os relacionados coa procura de fontes de información e a xestión das fontes consultadas.

O bloque de «Plurilingüismo» integra os saberes relacionados coa capacidade de reflexionar sobre o funcionamento das linguas, co fin de contribuír á aprendizaxe da lingua estranxeira e á mellora das linguas que conforman o repertorio lingüístico do alumnado.

Por último, no bloque de «Interculturalidade» agrúpanse os saberes sobre as culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira, e a súa valoración como oportunidade de enriquecemento e de relación cos demais. Inclúense tamén neste bloque os saberes orientados ao desenvolvemento de actitudes de interese por entender e apreciar outras linguas, variedades lingüísticas e culturas. O enfoque, a nivelación e a definición dos distintos elementos do currículo están formulados a partir das actividades de lingua e das competencias que establece o Consello de Europa no MCER. Esta ferramenta é peza fundamental para determinar os distintos niveis de competencia que o alumnado adquire nas diferentes actividades e apoia tamén o seu proceso de aprendizaxe, que se entende como dinámico e continuado, flexible e aberto, e debe adecuarse ás súas circunstancias, necesidades e intereses. Espérase que o alumnado sexa capaz de pór en funcionamento todos os contidos no seo de situacións comunicativas propias dos diferentes ámbitos: persoal, social, educativo e profesional, e a partir de textos sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia que inclúan aspectos relacionados cos obxectivos de desenvolvemento sustentable e os retos e desafíos do século XXI. En consonancia co enfoque orientado á acción que propón o MCER, que contribúe de maneira significativa ao deseño de metodoloxías eclécticas, o carácter competencial deste currículo convida o profesorado a crear tarefas interdisciplinares, contextualizadas, significativas e relevantes, e a desenvolver situacións de aprendizaxe onde se considere o alumnado como axente social progresivamente autónomo e gradualmente responsable do seu propio proceso de aprendizaxe. Isto implica ter en conta os seus repertorios, intereses e emocións, así como as súas circunstancias específicas, co fin de sentar as bases para a aprendizaxe ao longo de toda a vida.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1	3	3	3		
OBX4 - Mediar en situacións cotiáns entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3	1-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre ou seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	La mode et nous	Falar sobre a moda. Consumir de maneira ética e responsable.	17	18	X		
2	Chez nous	Describir a nosa vivenda. Falar sobre as actividades cotiás.	17	17	X		
3	Sortons en ville !	Seguir un itinerario. Organizar unha saída. Propoñer solucións creativas para mellorar o noso barrio.	16	16	X	X	
4	Régalons-nous !	Alimentación sana, consumo local e ecolóxico. Falar da nosa alimentación.	17	18		X	
5	Informons-nous !	Falar dos medios de comunicación. Informarse e buscar informacións en internet de maneira responsable.	17	18		X	X
6	Tous des héros !	Falar sobre heroes e heroínas reais ou imaxinarias. Descubrir a historia francófona, alongándose de estereotipos.	16	18			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	La mode et nous	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	PE	30
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir e revisar textos comprensibles e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoo explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo das linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe.		
CA1.1 - Interpretar e analizar o significado global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos medios.	Interpretar o significado global de textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.	TI	70
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.	Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada estratexias e coñecementos en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.	Expresar oralmente textos breves, sinxelos, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.	Utilizar coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiáns sinxelas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e anunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e</li> </ul>



## Contidos

- contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	Chez nous	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir e revisar textos comprensibles e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoo explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo das linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe.		
CA1.1 - Interpretar e analizar o significado global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos medios.	Interpretar o significado global de textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.		
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.	Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada estratexias e coñecementos en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.	Expresar oralmente textos breves, sinxelos, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos.	TI	70
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de comprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.	Utilizar coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.
- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.
- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.

**Contidos**

- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	Sortons en ville !	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.		
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.

**Contidos**

- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Tous des héros !	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir e revisar textos comprensibles e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual.	PE	30
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo das linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe.		
		TI	70



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA1.1 - Interpretar e analizar o significado global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos medios.</p>	<p>Interpretar o significado global de textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.</p>		
<p>CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiáns para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.</p>	<p>Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada estratexias e coñecementos en situacións comunicativas cotiáns para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.</p>		
<p>CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.</p>	<p>Expresar oralmente textos breves, sinxelos, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos.</p>		
<p>CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.</p>	<p>Participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal.</p>		
<p>CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.</p>	<p>Seleccionar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.</p>		
<p>CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.</p>	<p>Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.</p>		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.	Utilizar coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a</li> </ul>

## Contidos

- posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A nosa metodoloxía será activa e participativa, fomentará o traballo individual, pero tamén a cooperación, así coma a adquisición dos obxectivos descritos pola lei. O equipo pedagóxico e educativo buscará traballar xunto, co fin de aportar un enfoque multidisciplinar e coordinado do proceso de ensino/aprendizaxe. Os principios psicopedagóxicos nos que nos basearemos serán os seguintes:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Tanto nos rasgos psicolóxicos xerais característicos dun grupo de idade como dos coñecementos e capacidades que condicionarán a adquisición dos novos contidos.
- Fomentar a construción de aprendizaxes significativas. Co obxectivo de relacionar os novos contidos cos que xa foron adquiridos, así como coa realidade propia do alumnado.
- Promover a capacidade de aprender a aprender. Posto que é importante que o alumnado adquira os mecanismos necesarios para aprender de maneira autónoma agora e no futuro, co fin de poder integrarse de maneira eficaz e construtiva na sociedade e cooperar na súa transformación.
- Invitar á participación activa do alumnado. A aprendizaxe significativa demanda unha actividade mental por parte do suxeito que aprende. Isto exige que o alumnado estea motivado para realizar as actividades que vai acometer.
- Contribuír a un clima de aceptación mutua e de cooperación. Promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución das tarefas e responsabilidades entre eles.
- Estimular a transferencia e a conexión entre os contidos. É importante transmitir unha visión de conxunto, sen establecer fronteiras arbitrarias.

Para aplicar estes principios, utilizaremos as seguintes estratexias metodolóxicas:

- **Cognitivas:** As operacións mentais que o alumnado realiza para identificar, organizar, asociar, buscar, comparar... Implican unha interacción entre quen aprende e a materia de estudo, unha manipulación mental e física desta materia e a aplicación de técnicas específicas co obxectivo de resolver un problema ou executar unha tarefa de aprendizaxe.
- **Metacognitivas:** As operacións mentais que o alumnado utiliza para controlar e avaliar a súa aprendizaxe. Consisten esencialmente na reflexión sobre o proceso, a comprensión das condicións que o favorecen, a organización e planificación das tarefas, a autoavaliación e a autocorrección.
- **Socio-afectivas:** Son as actitudes e/ou os comportamentos que o alumnado adopta desde o punto de vista afectivo para intervir nos traballos e as actividades de clase (cooperación, actitudes voluntarias, falar en público, compartir tarefas...) e cara á lingua de aprendizaxe (desexo de utilizala, ausencia de medo a cometer un erro, non sentir o ridículo, intentar comunicar cun vocabulario limitado...). Implican unha interacción cos demais co fin de facilitar a adquisición da lingua estranxeira así como o control ou a xestión da dimensión afectiva persoal que acompaña a aprendizaxe.
- **Comunicativas:** Son as operacións que leva a cabo o alumnado para facerse comprender e para resolver as lagoas nalgunhas competencias (pedir que se repita algo, utilizar os xestos, as perífrases, facer preguntas para verificar a comprensión...).

No conxunto dunha metodoloxía activa e comunicativa, é primordial aumentar o tipo e a natureza das actividades que propoñemos ao alumnado. Se queremos que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa satisfactorio e completo, se queremos fomentar a motivación e as actitudes positivas, si queremos facer fronte a todos os casos específicos durante as nosas clases, necesitamos propoñer un abano amplo de actividades ao noso alumnado, o que nos permitirá identificar as dificultades e adaptar as nosas accións metodolóxicas.

Traballaremos por tarefas. Todas as nosas unidades terán unha tarefa final cun obxectivo comunicativo, inserida nunha función ou acto de lingua que permita unha aprendizaxe significativa. O desenvolvemento das unidades estará marcado pola tarefa final. Isto marcará tamén o tipo de actividades que propoñeremos ao alumnado.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Actividades de sensibilización: As primeiras actividades de cada unidade consagraranse á creación dun contexto, a poñer en marcha hipóteses e expectativas no alumnado, así como mobilizar todos os coñecementos previos. Neste tipo de actividades utilizaremos documentos auténticos ou semi-auténticos, como vídeos, documentos escritos, cancións, imaxes, páxinas web... Faremos un traballo de observación directa para a súa avaliación.

<p>Actividades de exposición: Nesta segunda fase, presentaremos ao noso alumnado un modelo próximo ao que consistirá a tarefa final. Esta fase permitiranos identificar o obxectivo final, así como avanzar nos contidos que lles farán falta para a súa realización. Utilizaremos documentos auténticos ou semi-auténticos de todo tipo. Para a avaliación deste fase utilizaremos sobre todo listas de control (Son capaz de..., Podo..., etc.)</p>
<p>Actividades de conceptualización: Esta fase constituirá o núcleo da unidade, xa que é onde presentaremos claramente os contidos. Traballaremos as subcompetencias que nos axudarán a chegar ao noso obxectivo comunicativo. Poderemos servirmos tamén de documentos que nos permitan explotar os puntos lingüísticos, fonéticos, léxicos, como imaxes, videoclips, documentos escritos en calquera soporte, vídeos... así como actividades máis lúdicas como xogos de rol, etc. Utilizaremos as rúbricas e as listas de control ou de observación para a avaliación deste tipo de actividades.</p>
<p>Actividades de produción: Esta fase será o primeiro acercamento á tarefa final. Pediremos ao alumnado que cree unha produción semellante á produción final, pero nun soporte distinto. Este tipo de actividades demandará sempre o uso da creatividade e a utilización de todos os contidos traballados ao longo da unidade. Permitiralles prepararse para a tarefa final e verificar os contidos adquiridos, xa que esta fase será a fase da autoavaliación ou co-avaliación por parellas ou grupos. Implicará un traballo de búsqueda máis autónomo e de expresión máis libre. Esta actividade debe producir un efecto de reflexión metalingüística no alumnado, para que este sexa consciente da súa aprendizaxe.</p>
<p>Caderno do alumno/a.</p>
<p>Actividades de avaliación: Será a tarefa final de cada unidade. Será unha tarefa creativa cun obxectivo comunicativo. Presentarase ao resto da clase nun soporte específico (presentación, diálogo, vídeo, redes sociais, páxina web, tríptico, cartel, etc.). O tipo de avaliación para esta tarefa será unha avaliación sumativa, xa que representa o final do proceso de adquisición de contidos da unidade. Pero conlevará tamén unha reflexión, xa que pediremos unha autoavaliación.</p>
<p>Diccionario bilingüe, en liña ou papel.</p>
<p>Selección de documentos escritos adaptados ao nivel.</p>
<p>Caderno de exercicios.</p>
<p>Materiais audiovisuais e aula virtual/ Edixgal</p>
<p>Actividades de contido específico sobre contidos de gramática ou lingüísticos en xeral..</p>

Todas as actividades mencionadas implicarán a utilización das catro competencias de comprensión e produción oral e escrita, en interacción ou en monólogo. Queremos fomentar verdadeiramente unha aprendizaxe cooperativa e colaborativa, por iso imos utilizar todo tipo de agrupamentos para a realización das actividades (individual, por grupos, por parellas,...) e tamén incitaremos a axuda entre iguais (preguntas, explicacións, consellos,...) e a solidariedade como un tipo de mediación na clase, e como unha maneira de unir ao grupo para a adquisición satisfactoria das competencias. A transversalidade no currículo vai ter tamén un papel importante nesta programación, xa que asegura a aprendizaxe significativa e o respecto da diversidade da clase.

O manual de referencia empregado no centro será Adomania A1.2, da editorial SM/Hachette. Servirá de folla de ruta, sen ser condición a realización de todas as tarefas.

A aula virtual/Edixgal servirá de plataforma de referencia e consulta permanente: explicacións, tarefas, avisos, comunicación entre iguais e co(a) docente.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Neste segundo curso empezaremos por un repaso xeral dos contidos máis relevantes do primeiro curso. Isto serviranos para recoller información sobre posibles dificultades na aprendizaxe.

Tamén testaremos as aptitudes e as capacidades para poder predecir e orientar (informar, clasificar e motivar), así como para obter información sobre o alumnado. Farémolo por medio das mesmas actividades mencionadas na metodoloxía, e utilizaremos distintos tipos de avaliación co fin de obter unha resposta o máis axustada á realidade posible.

Proporase algunha tarefa, similar ás do DELF escolar, ben dun nivel correspondente ao fixado ao remate do curso anterior (de cara a constatar se o grao de adquisición é o requirido para comezar o curso), ben do nivel

correspondente ao perfil de saída do presente

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	30	30	30	35	35	30	<b>32</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	70	70	70	65	65	70	<b>68</b>

### Criterios de cualificación:

- Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa.
- Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas. Teranse en conta os criterios de avaliación que procedan de entre os seguintes: 1.1, 1.2, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7, 1.9, 1.10, 1.11, 2.1 e 2.2. Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc. Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos monográficos, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen que serán previamente definidos e a disposición do alumnado.
- As probas e tarefas valoraranse de 0 a 10 puntos, tendo unha ponderación diferente dentro da unidade didáctica segundo as súas particularidades. A ponderación será anunciada ao alumnado antes da súa realización e figurará na propia proba.
- Elaborarase un índice de contidos que permita avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos seguindo os criterios de avaliación que se enumeran a continuación: 1.3, 1.8, 1.12, 1.13, 2.3, 2.4, 2.5, 2.6, 3.1, 3.2, 3.3 e 3.4. Para cubrir este índice recurrirase á observación directa na aula.
- A cualificación da avaliación ordinaria obterase da suma das cualificacións trimestrais ponderadas segundo se recolle nesta programación (25% - 35% - 40% respectivamente).
- A cualificación trimestral obterase da media indicada e calculada das cualificacións obtidas nas dúas unidades didácticas traballadas en cada trimestre.
- A cualificación de cada unidade didáctica obterase da suma das cualificacións ponderadas das probas e tarefas realizadas en cada unidade.
- O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):
  - A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.
  - Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.
  - Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.
  - Amosar interese e esforzo polo cumprimento das diversas tarefas.

### Criterios de recuperación:

- Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación. O alumnado que teña resultado negativo nunha ou dúas avaliacións poderá recuperar a materia a través da avaliación continua no 3º trimestre, sempre que a nota máis baixa dos tres trimestres sexa superior ao 1. O valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso: 25%, 35%, 40% respectivamente.
- Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.



c) Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria, deberá realizar as probas e/ou as tarefas das destrezas nas que non acadou o grao mínimo de consecución. As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non deberá avaliarse novamente delas. Procede deixar constancia no Informe de atención individualizado.

d) Realizadas as probas e tarefas descritas no alinéa c), observaranse as cualificacións máis elevadas para cada destreza de entre as realizadas ao longo do curso e as realizadas na avaliación ordinaria, de cara a calcular a cualificación nesta avaliación.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso 24'-25', de haber alumnado pendente con Francés 2º ESO:

Dito alumnado será informado, na primeira semana do actual curso, do mecanismo e tarefas que ten que realizar, para poder superar a materia.

O habitual no Dpto., para o alumnado que abandona a materia pendente, sen cursala neste ano, é darlle un dossier de exercicios para entregar, ademais das probas escritas previstas en Novembro, Xaneiro e Maio (extraordinaria en Xuño).

Este traballo consistirá nunha recopilación dos exames/probas de todo o curso anterior. O alumnado será avaliado por este traballo e esixiráselle, para dálo como superado, un 50% sobre a nota global.

Chegado o momento, e vendo que gran parte do alumnado coa materia pendente en 3º e 4º deixa francés no curso actual, poderase contemplar a posibilidade de dala por aprobada, sen necesidade de presentarse ás probas escritas oficiais de Xaneiro e Maio, sempre que se amose un interese e esforzo por recuperala.

Aquel alumnado que non presente o dossier no prazo estipulado (segundo as instrucións indicadas no dossier) ou, de facelo, non acade o 50% mínimo para superar a materia, terá que presentarse ás probas escritas, ben en Xaneiro como 1ª convocatoria ou ben en Maio como 2ª, onde terán a oportunidade de recuperala, así como na convocatoria extraordinaria (Xuño).

### 6. Medidas de atención á diversidade

En canto aos contidos conceptuais, , partiremos sempre do global, do xeral, para adentrarnos despois nos detalles e na profundización segundo as capacidades de cada un/ha.

En canto ás actividades, serán o reflexo desta diversidade. Unha primeira categoría servirá para poñer en práctica a comprensión global do tema tratado e para corrixir os posibles erros, e unha segunda categoría permitiranos verificar as capacidades de creación e de análise do alumnado fronte a situacións de comunicación concretas.

Finalmente, as actividades de avaliación estableceranse en diferentes niveis de adquisición.

Propoñeremos actividades de reforzo de carácter obligatorio ou voluntario, segundo as necesidades específicas de cada alumna/o. Este tipo de actividades poderán consistir na realización dun maior número de exercicios similares aos realizados na clase, privilexiando os contidos máis próximos ao grao mínimo de adquisición dos estándares e competencias.

No caso de alumnado con características físicas, sensoriais ou outras especiais, poderemos facer adaptacións precisas para compensar as súas dificultades para acceder ao currículo. Estas poden ser de diversa natureza:

- Apoio de persoal especialista: isto supón a colaboración con profesionais e servizo adaptados ás súas necesidades no espazo educativo.

- Adaptacións dos elementos espaciais: co fin de rachar con toda barreira tanto no centro como na clase e no seu mobiliario.

- Elementos materiais e recursos didácticos: adaptación do material escrito e audiovisual, utilización da informática ou outros medios, etc.

Estas estratexias veranse acompañadas doutras medidas co fin de permitir unha mellor atención á diversidade do alumnado en xeral, e ao alumnado con necesidades educativas específicas (TDAH, altas capacidades, incorporación tardía ao sistema ou condicións persoais), en particular as seguintes:

- Realizar unha avaliación inicial detallada xa que os grupos adoitan ser heteroxéneos.

- Dispor de actividades variadas e de diferentes tipos de avaliación.

- Propoñer diferentes tipos de "recuperacións" en función das diferentes necesidades.

- Ter en conta o ritmo de aprendizaxe do alumnado.

- Insistir nos reforzos e o apoio persoal para favorecer a autoestima.

- Fomentar un bo clima de aprendizaxe e de cooperación entre o alumnado.

- Adaptar os contidos do currículo.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade entre os sexos	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Respecto e tolerancia. Estereotipos culturais	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Alimentación equilibrada. Saúde		X		X		
ET.4 - Ecoloxía e pacifismo	X		X	X	X	
ET.5 - Loita contra o racismo	X				X	X
ET.6 - Consumo responsable	X	X	X	X		
ET.7 - Resolución de conflitos		X	X		X	
ET.8 - Actividade física e deporte		X	X			

#### Observacións:

Todos estes elementos transversais avaliaranse dentro de cada unidade didáctica, por medio de listas de control ou de rúbricas de observación, xa que forman parte do currículo da materia e do seu espírito mesmo.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Crêperie bretonne	Degustación de crêpes bretonas e toma de contacto cun contexto francófono		X	
Fête de Noël	Panxoliñas e chansons de Noël como coñecemento do contexto francófono	X		

#### Observacións:

Posibilidade de incluír novas actividades ao longo do curso tendo en conta as festividades ou eventos de relevancia académica e cultural ligados ao mundo francófono.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico



Adecuación das unidades didácticas, temas ou proxectos aos elementos do currículo.
Adecuación da temporalización das unidades didácticas, temas ou proxectos.
Adecuación da revisión e adaptación da programación ao longo do ano.
Adecuación do plan de avaliación inicial.
Adecuación dos criterios para a avaliación contínua.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
Metodoloxía empregada
Pertinencia dos materiais didácticos utilizados.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.
Contribución da materia ao plan lector do centro.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación dos programas de reforzo ou recuperación.
Adecuación das medidas específicas de atención á diversidade e ao alumnado NEAE.
Clima de traballo na aula
O desenvolvemento da programación respondeu á temporalización prevista.
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
Creación dun espazo seguro de intercambio e de traballo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Adecuación dos mecanismos de información ás familias.

### Descrición:

Ao final de cada unidade está prevista unha táboa de autoavaliación para o alumnado, que dará conta do desenvolvemento positivo ou negativo, da nosa programación. Ademais, no final de cada trimestre proporemos ao alumnado unha táboa parecida, pero neste caso pedindo a súa opinión, para avaliar o conxunto do traballo feito e as posibilidades de mellora.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao finalizar cada trimestre, e particularmente ao finalizar o curso escolar, poremos enmarcha os mecanismos de autoavaliación co fin de facer as revisións, adaptacións ou modificacións necesarias na nosa programación didáctica, para poder dar resposta ás necesidades do noso alumnado e mellorar o seu proceso de adquisición das competencias. Para iso, servirémonos dunha táboa que porá en relación os resultados cos procesos de mellora.

## 9. Outros apartados